

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 09/01/2016.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D<sup>a</sup> Sabela Iñiguez Cinza.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Manuel Beceiro Couce.  
D. Manuel Romero Castrillón.  
D. Andrés Fernández Graña.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.  
D. Eduardo Lourido Doval.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día nove de xaneiro de dous mil dezaséis, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día doce de decembro do pasado ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. ACORDOS RELATIVOS Á CREACIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dase conta pola Sra. Breijo de que a Mesa xa ven funcionando na práctica dende 2013 en desenvolvemento do previsto no Plan de Igualdade aprobado polo Concello, e que agora se trata da súa constitución formal, segundo as orientacións contidas na guía práctica elaborada pola Secretaría Xeral de Igualdade. A proposta da Alcaldía para a aprobación polo Pleno di o seguinte:

*“PROPOSTA AO PLENO DO CONCELLO SOBRE A CREACIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (MLC).  
XUSTIFICACIÓN DA SÚA CREACIÓN*

*A Lei orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero do ano 2004 recolle no artigo 32 que os poderes públicos elaborarán plans de colaboración que garantan a ordenación das súas actuacións na prevención, asistencia e persecución dos actos de violencia de xénero, que deberán implicar ás administracións sanitarias, á administración de xustiza, ás forzas e corpos de seguridade, aos servizos sociais e aos organismos de igualdade.*

*Tamén a disposición adicional segunda da Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero di que: "O Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencias na materia obxecto da presente Lei, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral, educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.*

*A Lei Orgánica para a Igualdade entre Mulleres e Homes recolle propostas como a de que os plans de igualdade abren a porta ao cambio social cara un modelo máis igualitario e marca accións positivas e transversais.*

*Pola súa banda, o ámbito municipal presenta vantaxes importantes para establecer medidas de igualdade. A principal delas é que é a institución máis próxima aos cidadáns e cidadás. É por iso que constitúe un espazo óptimo para coñecer as necesidades e recursos da poboación e, a partir dese coñecemento, elaborar políticas de igualdade efectivas. A MLC é un instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos municipais implicados na loita contra a violencia de xénero, co obxecto de procurar unha maior eficiencia da resposta ante a grave vulneración de dereitos que supón a violencia de xénero*

*O Plan de Igualdade de oportunidades de homes e mulleres do concello de San Sadurniño, 2013-2017, recolle no obxectivo 6.3.1 a elaboración dun itinerario de coordinación para a intervención e tratamento dos casos de violencia de xénero, en colaboración co ámbito sanitario, forzas e corpos de seguridade, ámbito educativo..., co fin de garantir a atención e total protección ás mulleres en situación de violencia de xénero.*

*Así pois, co acordo de constitución da MLC que se propón, estaríamos respondendo a este obxectivo xa iniciado coa elaboración dun protocolo de intervención iniciado polo departamento de servizos sociais municipal e que neste momento se atopa en proceso de elaboración.*

*En base a estes antecedentes, a Alcaldía propónlle ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero coa seguinte composición:*

*Presidencia:*

- *O alcalde ou concelleira ou concelleiro en quen delegue*

*Vogalías:*

- *Concelleiros e concelleiras das concellalías con competencias na prevención e loita contra a violencia de xénero*
- *Un membro do persoal técnico dos servizos sociais municipais*
- *Técnicos/as municipais en temas de empregabilidade*
- *O/a responsábel do posto da Garda Civil de San Sadurniño*
- *Un/unha representante do CPI de San Sadurniño*
- *Un/unha representante do PAC de San Sadurniño*

*Secretaría:*

- *Un membro do persoal técnico dos servizos sociais municipais*  
*Segundo: As funcións e obxectivos da MLC son os establecidos na Guía Práctica elaborada pola Secretaría Xeral de Igualdade no marco de colaboración establecido coa FEGAMP.*  
*Terceiro: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral e, de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia, sempre que a situación o requira."*

O asunto foi favorablemente ditaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Lourido interven para manifestar a súa conformidade coa proposta, porque a prevención é a mellor arma contra a violencia de xénero. O Sr. Romero tamén manifesta o apoio do seu grupo á proposta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a proposta de que se trata.

#### TERCEIRO. MODIFICACIÓN DUN PROXECTO INCLUIDO NO P.A.S. 2015.

Dase conta da necesidade de rectificar, a solicitude da Deputación Provincial, o acordo de solicitude de participación no PAS 2015 adoptado polo Pleno na súa sesión do 12/12/15, dividindo en dous un dos proxectos presentados, o de "Senda peonil en Naraío, urbanización parcial en Agra de Abaixo e abastecemento no Cochón" (66.184,10 €), do que resultarían os de "Senda peonil entre o Eirexado e A Pena (Naraío)" (35.985,21 €) e o de "Urbanización parcial en Agra de Abaixo e abastecemento en O Cochón" (30.198,89 €). Non varían as cantidades totais indicadas no referido acordo do 12/12/15.

O asunto foi favorablemente ditaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda rectificar o acordo de solicitude de participación no PAS 2015 adoptado polo Pleno na súa sesión do 12/12/15, que queda redactado da seguinte maneira:

1º.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención provincial asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se indica, aprobando os proxectos das obras de que se trata:

#### A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social

| Denominación da obra                             | Deputación          | Concello        | Presuposto total    |
|--------------------------------------------------|---------------------|-----------------|---------------------|
| Acondicionamento da contorna da piscina          | 135.614,23 €        | 0,00 €          | 135.614,23 €        |
| Senda peonil entre o Eirexado e A Pena (Naraío)  | 35.512,08 €         | 473,13 €        | 35.985,21 €         |
| <b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b> | <b>171.126,31 €</b> | <b>473,13 €</b> | <b>171.599,44 €</b> |

B) Outros investimentos financeiramente sostibles

| Denominación da obra                                                                                   | Deputación          | Concello      | Presuposto total    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|---------------|---------------------|
| Pavimentación dos camiños de Pontellas- Soutocalvo, Prospes- Penacastrelo, Os Pantís- Pramado e outros | 77.157,60 €         | 0,00 €        | 77.157,60 €         |
| Urbanización parcial en Agra de Abaixo e abastecemento en O Cochón                                     | 30.198,89 €         | 0,00 €        | 30.198,89 €         |
| <b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>                                                                   | <b>107.356,49 €</b> | <b>0,00 €</b> | <b>107.356,49 €</b> |

C) Resumo

|                                                  | Deputación          | Concello        | Importe total Euros |
|--------------------------------------------------|---------------------|-----------------|---------------------|
| <b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b> | <b>171.126,31 €</b> | <b>473,13 €</b> | <b>171.599,44 €</b> |
| <b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>             | <b>107.356,49 €</b> | <b>0,00 €</b>   | <b>107.356,49 €</b> |
| <b>TOTAL</b>                                     | <b>278.482,80 €</b> | <b>473,13 €</b> | <b>278.955,93 €</b> |

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación de plan complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no PAS 2015.

3º.- Declarar que o Concello ten disponibilidad dos terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2016 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas neste Plan.

5º.- Solicitar da Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.

7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

**CUARTO. ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2016.**

Dase conta do expediente aberto para a aprobación do presuposto do concello para 2016, segundo a proposta do grupo de goberno que foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa de Facenda do Concello. O Sr. Soto explica algúns detalles da proposta, continuista en relación cos presupostos anteriores e que presenta unha pequena diminución debida ás particularidades de cada exercicio no relativo ós investimentos, e particularmente a que no 2015

consignáronse máis de 300.000 euros para a obra da herba do campo de fútbol. Hai un incremento no capítulo 1, que o Sr. Soto explica pola previsión de pago ó persoal da paga extra non aboada en 2012, e unha consignación no capítulo 6, financiada con fondos propios, para a liquidación do convenio asinado para dispor dos terreos para o centro de día. Indica tamén o Sr. Soto que o orzamento incrementarase con subvención para investimentos que se espera recibir no exercicio.

O Sr. Lourido interven para sinalar a existencia dun reparo de legalidade relativo a incrementos salariais do 2015 que se menciona nos informes sobre o presuposto. O Sr. Alcalde di que ese reparo foi sobre o orzamento de 2015 e se refería soamente á aplicación dun incremento das retribucións por antigüidade recollida no convenio colectivo do persoal laboral.

O Sr. Romero di que non é normal que o expediente do presuposto soamente estivese á súa disposición dende o martes, e que parte da documentación non poidese ser valorada porque non a tiñan. Di que o incremento do gasto en persoal é enorme e que poucos concellos acadan unha percentaxe tan grande neste gasto, e que baixan os investimentos mentres suben os impostos directos. Reclama que lle sexa remitida a documentación do presuposto con moita máis antelación, para poder analizala adecuadamente.

O Sr. Soto di que a convocatoria remitiuse coa antelación legalmente establecida, a pesar de que o luns o Concello tivo unha avería que impideu o uso do correo electrónico, e que é certo que agora o orzamento leva máis documentación que antes, polo que se precisa moito tempo para a súa lectura e especialmente para a súa redacción. En canto á percentaxe na que o Sr. Romero di que se incrementou o gasto corrente, di que o que se destina en San Sadurniño a gasto corrente está na liña do que se gasta noutros moitos concellos, é moi difícil superar un 30% de investimentos de maneira continuada, e non cre que ningún concello da zona o faga. Repite tamén que se podería adicar moito máis a investimento, se non fora polas 15 pagas do persoal e pola liquidación do convenio coa cooperativa, pero que de todas maneiras durante a execución se espera poder aumentar o investimento.

O Sr. Alcalde interven para matizar que se mantén o gasto social sen que lle afecte a situación económica e que o gasto corrente en persoal podería reducirse privatizando servizos como o SAF ou a recollida de lixo, pero que non se vai facer porque reduciría a calidade do servizo e a calidade de vida dos traballadores. E tamén se mantén o capítulo 4, que permite unha redistribución de rendas mediante o reparto de subvencións con cantidades das máis altas de Galicia. Di tamén que se trata duns orzamentos realistas e que se espera dispor durante o exercicio de máis recursos para incrementar a cantidade adicada a investimento.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, e unha abstención, do do PSOE, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2016, establecendo a súa contía, tanto en ingresos como en gastos, na cantidade de DOUS MILLÓNS SETECENTOS SETENTA E SETE MIL NOVECENTOS EUROS (2.777.900), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

| CAPITULO | INGRESOS       | GASTOS         |
|----------|----------------|----------------|
| CAP. 1   | 681.500,00 €   | 1.195.069,00 € |
| CAP. 2   | 15.000,00 €    | 778.600,00 €   |
| CAP. 3   | 287.400,00 €   | 0,00 €         |
| CAP.4    | 1.170.000,00 € | 94.000,00 €    |
| CAP. 5   | 11.000,00 €    | 0,00 €         |
| CAP. 6   | 1.000,00 €     | 708.231,00 €   |
| CAP.7    | 612.000,00 €   | 2.000,00 €     |
| TOTAL    | 2.777.900,00 € | 2.777.900,00 € |

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito orzamento.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, segundo a Relación de Postos de Traballo oportunamente aprobada, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presuposto.

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, previo o cumprimento do trámite de publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.

6º.- Ordea-la remisión de copias do Presuposto, e da información e documentación relativa ó mesmo comprendida na normativa aplicable, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

#### QUINTO. APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE BECAS ESCOLARES NO EJERCIZO 2016.

Dase conta pola Sra. Iñiguez da proposta de Bases da convocatoria de subvencións para becas escolares e axudas para usuarios da escola infantil, que respostan á necesidade de apoiar á xente no exercicio do seu dereito ó ensino, mantendo a mesma cantidade e moi semellantes ás do ano 2015 e con pequenas modificacións da regulación no referido á valoración dos criterios de distribución.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

A proposta de Bases para esta finalidade é a seguinte:

#### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando que "co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso".*

Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei establece taxativamente que “para garantir a igualdade a todas as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo. Na ensinanza posobrigatoria as becas e axudas ó estudo terán en conta ademais o rendemento escolar do alumnado”.

O acceso ó ensino é un dereito de toda a cidadanía, independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Ao grande esforzo que lle supón ás familias a compra do material escolar, roupa, calzado..., para os seus fillos e fillas, hai que engadirlle os gastos de transporte no ensino posobrigatorio, gastos estes últimos, moi superiores pola nosa condición de concello rural.

O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás familias o ensino dos seus fillos/as. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade.

Xa que logo, desde o Concello de San Sadurniño considérase necesaria a creación dun sistema regrado de bolsas escolares para estudantes do noso Concello, así como axudas ás familias usuarias da Escola Infantil Municipal de San Sadurniño “A Rolada” para garantir a conciliación da súa vida laboral e familiar.

#### ARTIGO 1. OBXECTO

O obxecto destas bases é o de regular a concesión de bolsas para gastos derivados do estudo e axudas para sufragar gastos xurdidos dos servizos de conciliación da súa vida laboral e familiar prestados na Escola Infantil Municipal “A Rolada”, por parte do Concello de San Sadurniño, para o ano 2016.

Para o financiamento deste programa de bolsas escolares establécese un crédito de contía máxima de 25.000,00 euros, recollidos nos orzamentos municipais para o 2016.

Desta cantidade, 15.000,00 euros serán para axudas ó estudo, dos cales 10.000,00 euros irán destinados ós estudos posobrigatorios e 5.000,00 euros ós estudos obrigatorios e 2º ciclo de educación infantil, tal e como se describe nas presentes bases. Para o financiamento das axudas para sufragar gastos dos servizos de conciliación da súa vida laboral e familiar prestados na Escola Infantil Municipal “A Rolada”, establécese un crédito de contía máxima de 8.000,00 euros que serán distribuídos segundo o establecido no artigo 4 destas bases. Os 2.000,00 euros restantes serán para atender posíbeis casos de situacións socioeconómicas especiais, previo informe social con proposta da cantidade e que serán valorados polos departamentos municipais de benestar social e igualdade.

#### ARTIGO 2. BOLSAS PARA ESTUDOS POSOBRIGATORIOS

##### 2.1.) Persoas beneficiarias

Alumnado que curse estudos posobrigatorios regrados (bacharelatos, ciclos formativos, estudos universitarios oficiais de grao e de terceiro ciclo) en centros públicos fóra do Concello de San Sadurniño e dentro do territorio de Galiza.

##### 2.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias

Estar matriculados no curso completo dos estudos que se realizan, agás no caso dos que fagan estudos universitarios que deberán estar matriculados, como mínimo, no 50% dos créditos do curso correspondente.

Que segundo o artigo 6 a renda anual da unidade familiar non supere os 18.000,00 euros.

Estar empadroados/a no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación destas bases polo Pleno do Concello de San Sadurniño.

Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello.

a) Non estar incurso en causa de prohibición para percibir axudas públicas.

##### 2.3.) Nota media do curso anterior

A efectos de aplicar os criterios de valoración recollidos no artigo 7, a nota media do curso anterior obtérase calculando a media aritmética das cualificacións numéricas que consten no expediente. Para o cálculo desta media non se computarán as materias de Atención Educativa e Relixión. Se as notas veñen expresadas como cualificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media aritmética:

| Cualificación                                             | Equivalencia |
|-----------------------------------------------------------|--------------|
| Non presentado/renuncia/non matriculado no curso anterior | 2            |
| Suspenso/insuficiente                                     | 2,5          |
| Aprobado                                                  | 5            |
| Ben                                                       | 6            |
| Notable                                                   | 7,5          |
| Sobresaliente                                             | 9            |
| Matrícula de honra                                        | 10           |



**2.4.) Contía máxima da bolsa**

A contía máxima da bolsa para os estudos posobrigatorios será de 600,00 euros.

**2.5.) Solicitudes e prazo de presentación**

As solicitudes, asinadas polas propias persoas beneficiarias ou polos seus representantes legais no caso dos menores de idade, deberán formularse no modelo que figura como ANEXO I a estas bases, e presentarse no Rexistro do Concello durante o prazo de 20 días naturais, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**2.6.) Documentación requirida**

- Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado.
- Certificado de empadramento e convivencia (Expedirase de oficio por parte do Concello).
- Fotocopia compulsada do resgardo de matrícula escolar da persoa solicitante da bolsa ou no seu defecto certificado do centro escolar no que estea matriculado.
- Plano oficial dos estudos que está cursando.
- Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2014 de todos os membros computables da unidade familiar.
- Certificado do expediente académico do curso anterior.
- Certificación da conta bancaria da persoa solicitante da bolsa onde se recibirá a bolsa.

**ARTIGO 3. BOLSAS ESCOLARES PARA ESTUDOS OBRIGATORIOS E 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

**3.1.) Persoas beneficiarias**

Alumnado que curse estudos obrigatorios ou 2º Ciclo de Educación Infantil, en centros públicos do Concello de San Sadurniño ou concellos limítrofes.

**3.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias**

Que segundo o artigo 6 a renda anual da unidade familiar non supere os 6.000,00 euros. Estar empadroad/a no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación destas bases polo Pleno do Concello de San Sadurniño.

Estar ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio Concello.

1. Non estar incurso/a en causa de prohibición para percibir axudas públicas.

**3.3.) Contía máxima da bolsa:**

A contía máxima da bolsa para os estudos obrigatorios será de 200,00 euros.

**3.4.) Solicitudes e prazo de presentación**

As solicitudes, asinadas polas persoas representantes legais do/a menor, deberán formularse no modelo que figura como ANEXO I a estas bases, e presentarse no Rexistro deste Concello durante o prazo de 20 días naturais, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**3.5.) Documentación requirida**

- a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado.
- b) Certificado de empadramento e convivencia (Expedirase de oficio por parte do Concello).
- c) Fotocopia compulsada do resgardo de matrícula escolar do/a menor ou no seu defecto certificado do centro escolar no que estea matriculado.
- d) Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2014 de todos os membros computables da unidade familiar.
- e) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante da bolsa onde se recibirá a bolsa.

**ARTIGO 4. AXUDAS PARA GASTOS DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN PRESTADO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "A ROLADA"**

**4.1.) Persoas beneficiarias**

Pais e nais, titores legais ou familias acolledoras con menores con idades comprendidas entre 3 meses e 3 anos que requiran dos servizos de conciliación prestados na Escola Infantil Municipal "A Rolada"

**4.2.) Requisitos específicos das persoas beneficiarias**

Ter o neno ou a nena matriculado na Escola Infantil Municipal de San Sadurniño ou notificada a aceptación da praza por parte de Concello, previo ó peche do prazo de presentación das solicitudes.

Que segundo o artigo 6, a renda anual da unidade familiar non supere os 25.000,00 euros.

Estar empadroad/a no Concello de San Sadurniño, con data de alta no padrón municipal anterior á aprobación destas bases no Pleno do Concello de San Sadurniño.

Estar ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello.

Non estar incurso/a en causa de prohibición para percibir axudas públicas.

**4.3.) Contía máxima da bolsa:**





A contía máxima desta axuda será o 50% dos gastos efectivamente realizados e xustificados, cun importe máximo de 1.500,00 euros por menor matriculado na Escola Infantil Municipal "A Rolada". Os gastos terán que corresponder ao curso 2015-2016.

#### 4.4.) Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes, asinadas polas persoas representantes legais do/a menor, deberán formularse no modelo que figura como ANEXO I a estas bases, e presentarse no Rexistro deste Concello durante o prazo de 20 días naturais, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

#### 4.5.) Documentación requirida

Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado.

Certificado de empadramento e convivencia (Expedirase de oficio por parte do Concello).

Resguardo de matrícula do/a menor (Expedirase de oficio por parte do Concello).

Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2014 de todos os membros computables da unidade familiar.

a) Certificación da conta bancaria da persoa solicitante onde se recibirá a bolsa.

#### ARTIGO 5. UNIDADE FAMILIAR

A efectos destas bases reguladoras, considerarase que compoñen a unidade familiar:

- Pais e nais, non separados legalmente e, no seu caso, os titores/as ou persoas encargadas da garda e protección do/a menor.

- Os fillos e fillas menores de 26 anos que figuren no certificado de empadramento e convivencia.

- Os fillos e fillas maiores de 25 anos con discapacidade física, psíquica ou sensorial igual ou superior ao 33% ou incapacitados xudicialmente.

- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes de cada un deles que convivan con eles e que reúnan as características anteriormente citadas.

- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva coa persoa solicitante da bolsa. En cambio, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva coa persoa solicitante da bolsa. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, a dita circunstancia acreditarase mediante achega do certificado de defunción.

#### ARTIGO 6. RENDA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR

A renda anual da unidade familiar será a suma do establecido na base liquidable xeral e na base liquidable do aforro que consten na/s correspondente/s declaración/s do IRPF do último exercicio presentado.

Nos casos en que non exista obriga de presentar declaración do IRPF, tomaranse os datos reflectidos no certificado de renda emitido pola AEAT. En base ós datos proporcionados neste certificado, deducirase a cantidade correspondente por cónxuxe e/ou por fillos/as sobre os rendementos brutos especificados.

Para ambos os dous casos, o Concello requirirá a dita documentación ás persoas solicitantes e poderá comprobar a citada información coa AEAT. Por este motivo, procederase á autorización ao Concello para obter da AEAT estes datos mediante a sinatura do modelo de solicitude por parte de todas as persoas membros da unidade familiar (cónxuxes, descendentes maiores de 18 anos e menores de 26, e descendentes maiores de 25 anos con minusvalía).

#### ARTIGO 7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Co fin de proceder á distribución do orzamento entre as solicitudes presentadas, os servizos técnicos do Concello valorarannas tendo en conta os seguintes criterios:

7.1.) Para os estudos posobrigatorios, por expediente académico, segundo o apartado 3 do artigo 2:

| Media da nota académica | Puntos |
|-------------------------|--------|
| De 0 a 4,99             | 0      |
| De 5 a 5,99             | 1      |
| De 6 a 6,99             | 2      |
| De 7 a 7,99             | 3      |
| De 8 a 8,99             | 4      |
| De 9 a 10               | 5      |

7.2.) Para os estudos obrigatorios, por número de membros da unidade familiar, segundo o artigo 5:  
- 1 punto por cada membro da unidade familiar ata un máximo de 5.

7.3.) Para as axudas dos gastos derivados dos servizos de conciliación prestados na Escola Infantil Municipal "A Rolada" darase a seguinte puntuación, en función da suma das tarifas mensuais que estean a aboar no momento da presentación da solicitude da axuda:

| Tarifa mensual      | Puntos |
|---------------------|--------|
| Menos de 100 €      | 0      |
| Entre 100 e 149 €   | 2      |
| Entre 150 e 199 €   | 4      |
| Entre 200 e 249 €   | 6      |
| Entre 250 € e 299 € | 8      |
| 300 € ou máis       | 10     |

7.4.) Por nivel de renda, considerada segundo o establecido no artigo 6:

| Para os estudos regulados no artigo 2                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Para as axudas reguladas no artigo 4                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ De 0 a 3.499 euros, 16 puntos</li> <li>▪ De 3.500 a 4.499 euros, 15 puntos</li> <li>▪ De 4.500 a 5.499 euros, 14 puntos</li> <li>▪ De 5.500 a 6.499 euros, 13 puntos</li> <li>▪ De 6.500 a 7.499 euros, 12 puntos</li> <li>▪ De 7.500 a 8.499 euros, 11 puntos</li> <li>▪ De 8.500 a 9.499 euros, 10 puntos</li> <li>▪ De 9.500 a 10.499 euros, 9 puntos</li> <li>▪ De 10.500 a 11.499 euros, 8 puntos</li> <li>▪ De 11.500 a 12.499 euros, 7 puntos</li> <li>▪ De 12.500 a 13.499 euros, 6 puntos</li> <li>▪ De 13.500 a 14.499 euros, 5 puntos</li> <li>▪ De 14.500 a 15.499 euros, 4 puntos</li> <li>▪ De 15.500 a 16.499 euros, 3 puntos</li> <li>▪ De 16.500 a 17.499 euros, 2 puntos</li> <li>▪ De 17.500 a 18.000 euros, 1 punto</li> <li>▪ De máis de 18.000 euros, 0 puntos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ De 0 a 9.499 euros, 16 puntos</li> <li>▪ De 9.500 a 10.499 euros, 15 puntos</li> <li>▪ De 10.500 a 11.499 euros, 14 puntos</li> <li>▪ De 11.500 a 12.499 euros, 13 puntos</li> <li>▪ De 12.500 a 13.499 euros, 12 puntos</li> <li>▪ De 13.500 a 14.499 euros, 11 puntos</li> <li>▪ De 14.500 a 15.499 euros, 10 puntos</li> <li>▪ De 15.500 a 16.499 euros, 9 puntos</li> <li>▪ De 16.500 a 17.499 euros, 8 puntos</li> <li>▪ De 17.500 a 18.499 euros, 7 puntos</li> <li>▪ De 18.500 a 19.499 euros, 6 puntos</li> <li>▪ De 19.500 a 20.499 euros, 5 puntos</li> <li>▪ De 20.500 a 21.499 euros, 4 puntos</li> <li>▪ De 21.500 a 22.499 euros, 3 puntos</li> <li>▪ De 22.500 a 23.499 euros, 2 puntos</li> <li>▪ De 23.500 a 25.000 euros, 1 punto</li> <li>▪ De máis de 25.000 euros, 0 puntos</li> </ul> |

#### ARTIGO 8. CÁLCULO DAS CONTÍAS

8.1.) Para o cálculo das bolsas establecidas no artigo 2 das presentes bases aplicarase a seguinte fórmula:

$$Vp=10.000/Np$$

8.2.) Para o cálculo das bolsas establecidas no artigo 3 das presentes bases aplicarase a seguinte fórmula:

$$Vp=5.000/Np$$

8.2.) Para o cálculo das axudas establecidas no artigo 4 destas bases aplicarase a seguinte fórmula:

$$Vp=8.000/Np$$

Vp: Valor en euros de cada punto

Np: Suma dos puntos obtidos por todas as solicitudes

A contía da axuda concedida será o resultado da multiplicación do valor de Vp polo número de puntos obtidos en cada solicitude.

#### ARTIGO 9. CONCESIÓN DA BOLSA

No suposto de que a documentación non cumpra cos requisitos esixidos ou que a documentación achegada teña erros ou sexa insuficiente, requirirase á persoa solicitante que no prazo de 10 días naturais emende a falta e aporte os documentos preceptivos, con indicación de que de así non o fixer, de conformidade co establecido no art. 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRXPAC, considerarase desistido da súa petición, previa resolución, que será ditada nos termos previstos no seu art. 42.

Unha vez rematados os respectivos prazos de presentación, os servizos técnicos do Concello procederán á valoración dos expedientes. Asemade, realizarán cantas actuacións estimen necesarias para determinar os datos económicos da unidade familiar e comprobar que a información recibida por parte da persoa solicitante é certa, para formular as propostas de resolución. Asemade, poderase requirir polo Concello a presentación da documentación oficial acreditativa relativa a aqueles aspectos que se estimen oportunos, para xustificar ingresos non declarables ou calquera outra circunstancia a ter en conta.

De seguido, os expedientes, cos informes pertinentes, e logo da súa fiscalización por parte do Interventor municipal, a Xunta de Goberno Local emitirá unha proposta de concesión das bolsas e axudas, que se comunicará debidamente ás persoas interesadas, de forma que poidan interpor reclamacións que consideren oportunas durante un prazo de 10 días naturais

Unha vez transcorrido o prazo anterior a Xunta de Goberno Local, logo de resolver as reclamacións que puidera haber, aprobará a resolución definitiva, que será igualmente comunicada ás persoas interesadas.

#### ARTIGO 10. PAGAMENTO DA BOLSA

10.1.) Pagamento das bolsas por estudos posobrigatorios, obrigatorios e de 2º ciclo de Educación infantil: O pagamento das axudas realizarase, pola cantidade correspondente, á persoa solicitante, mediante transferencia bancaria ó seu nome na conta que acheguen coa solicitude.

10.2.) Pagamento das axudas para os gastos de conciliación: As axudas para os gastos derivados dos servizos de conciliación prestados na Escola Infantil Municipal "A Rolada" calcularanse tendo en conta que son por curso completo e pola suma das tarifas que se están a aboar no momento da solicitude. En caso de se produciren alteracións, pasadas ou futuras, nestas condicións (redución no número de meses contratados ou da suma das tarifas indicada inicialmente) a contía da axuda reducirase proporcionalmente.

Unha vez obtido o cálculo da axuda máxima que obtería, o Concello dividirá o importe total entre o número de meses do curso, obtendo unha cantidade máxima mensual de axuda. Con estes datos procederase a aboar, mediante transferencia bancaria na conta que se indique na solicitude, o importe correspondente á cantidade máxima mensual dos meses de servizo efectivamente prestados ata o momento da resolución, tendo en conta que se a suma das tarifas dos meses xa aboados fose inferior á suma indicada no momento da solicitude, a cantidade máxima mensual verase reducida de forma proporcional.

O resto de meses, ata o remate do curso, o Concello procederá a aboar mensualmente, mediante transferencia bancaria, a parte correspondente a cada mes efectivamente cursado, tendo en conta, igualmente, que se a suma das tarifas dos meses xa aboados fose inferior á suma indicada no momento da solicitude, a cantidade máxima mensual veríase reducida de forma proporcional.

No caso de solicitudes de menores que aínda non comezaron na Escola Infantil Municipal "A Rolada" pero que xa teñan aceptada e notificada a praza por parte do Concello, procederáselle ao abono da cantidade concedida sempre e cando formalice a matrícula definitiva e dende o mes que inicie a súa asistencia na Escola Infantil Municipal "A Rolada", cos mesmos criterios e tempos de abono especificados nos parágrafos anteriores.

#### ARTIGO 11. XUSTIFICACIÓN

*As axudas concedidas ao abeiro das presentes bases, poderán ter que ser xustificadas nos termos establecidos na lexislación vixente. Por este motivo será necesario que as persoas beneficiarias conserven os documentos probativos (facturas) dos gastos financiados coa presente convocatoria de bolsas e axudas.*

*O Concello facilitará e comunicará á AEAT, no seu caso, o contido deste expediente.*

**ARTIGO 12. INTERPRETACIÓN DAS BASES E NORMATIVA SUBSIDIARIA**

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para interpretar o contido das presentes bases.*

*En todo caso, para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de San Sadurniño do 2015, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable."*

O Sr. Lourido interven para amosar a súa conformidade coa proposta.

O Sr. Romero pregunta cuantas familias recibiron o ano pasado axudas para enviar ós seus fillos á escola infantil, porque dos 8.000 euros disponibles, repartíronse pouco máis de 1.500 nestas axudas, e se non cren que hai máis familias que o necesitan, solicitando que se adecúen as bases para que as axudas cheguen a tódalas familias que o precisan, porque hai familias que non poden levar ós seus fillos á escola infantil municipal.

O Sr. Alcalde resposta que o ensino gratuito debería estar garantido por outras administracións e que lle parece de mal gusto que unha petición como esta veña da dereita. Di que tódalas solicitudes que cumprían os requisitos recibiron unha axuda polo 50% do custo da escola, co que o custo final é máis barato que ningunha outra escola infantil pública.

O Sr. Romero interven para aclarar que o que solicitan é que se suavizen as condicións para que tódalas persoas do pobo que o necesiten poidan ter acceso á escola infantil e ás axudas en xeral.

O Sr. Alcalde di que prefiren que as axudas teñan un importe que realmente supoña unha axuda, aínda que cun límite máximo de 600 euros, e non repartir pequenas cantidades que non serven realmente de axuda a ninguén.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG, e o PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda aprobar as bases das subvencións para becas escolares e axudas para usuarios da escola infantil municipal para 2016.

**SEXTO. APROBACIÓN DE BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO EXERCIZO 2016.**

Dase conta pola Sra. Iñiguez da proposta de Bases da convocatoria de subvencións para a promoción do deporte e entidades deportivas 2016, moi semellantes ás do ano 2015, cun pequeno incremento na consignación para cultura, e a mesma cantidade que o ano pasado para deporte, sinalando o gran traballo que están a realizar as asociacións sen ánimo de lucro, que o Concello quere apoiar.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

A proposta de Bases para entidades culturais é a seguinte:

*"BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIONS NO EIDO DA CULTURA NO ANO 2016  
OBJECTO DA CONVOCATORIA*

*Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais dirixidas ao apoio e promoción da cultura e todas as súas facetas, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, non discriminación e igualdade, para a realización de actividades que en xeral, contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas do Concello.*

*O Concello de San Sadurniño quere contribuír a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura e identidade propia de Galiza, así coma as destinadas a recuperar o rico patrimonio tradicional, histórico, musical, folclórico, etnográfico, lingüístico etc.*

*Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa xeral en materia de subvencións, especialmente a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza, o seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normas complementarias e concordantes que rexerán para todo o non previsto nas presentes bases.*

#### **1. ENTIDADES BENEFICIARIAS**

##### **1.1. Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria:**

▪ *As asociacións e entidades validamente constituídas sen fin de lucro, que teñan o seu domicilio social no Concello de San Sadurniño, realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro municipal de entidades.*

▪ *Excepcionalmente, as entidades e asociacións sen finalidade de lucro, validamente constituídas, aínda que non estean domiciliadas no Concello de San Sadurniño, para financiar actividades de interese municipal dentro do Concello ou en beneficio do mesmo.*

▪ *As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, nos termos sinalados no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como por exemplo as comisións de festas, constituídas sen fin de lucro, para a organización das festas de San Sadurniño, A Portela, Lamas, Camiño Arriba, Ferreira de Arriba, Ferreira de Abaixo, Bardaos, Monte, Naraío e Igrexafeita.*

##### **1.2. Non poderán ser destinatarias de subvencións municipais:**

- *Aquelas entidades ou persoas físicas que non se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.*
- *Aquelas entidades que teñan pendente de xustificación algunha subvención concedida polo Concello.*
- *As entidades coas que o Concello asine algún tipo de convenio de contido económico.*

##### **1.3. Quedan excluídas desta convocatoria:**

- *Actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.*
- *As viaxes de ocio e os gastos de manutención; por esta razón, este tipo de gastos, tampouco poderán incluírse nos presupostos que se presenten para calquera outra finalidade.*
- *As actividades de carácter confesional nin as festas, agás as previstas no punto c) do apartado 2.1 das presentes bases e as que teñan raizame e interese cultural.*

#### **2. PROGRAMAS SUBVENCIONÁBEIS**

*Poderán ser obxecto de subvención as actividades culturais que se sinalan a continuación:*

- *Actividades culturais:*

- *As dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual, no eido cultural en todas as súas vertentes*
- *Mantemento ordinario e gastos xerais das asociacións e entidades sen fin de lucro*

- *Gastos de mantemento, infraestrutura e equipamento cultural:*

- *Para gastos de mantemento, mellora das instalacións e equipamento cultural das asociacións e entidades sen fin de lucro que dispoñan de local en propiedade ou en réxime de aluguer*

- *Outros:*

- *Para a organización das festas previstas no punto c) do apartado 2.1 das presentes bases*

#### **3. LÍMITE DAS SUBVENCIONS E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS**

*A contía da subvención estará en función do custo dos programas, dos criterios de baremo e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente os proxectos, e terá en todo caso un importe máximo non superior a catro mil euros.*

*As subvencións que se outorguen ó abeiro do establecido nas presentes bases serán compatibles con outras axudas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa procedencia, pero en ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.*

*A porcentaxe subvencionable polo Concello poderá acadar o 100% do custo da actividade á que se aplique.*

*A subvención aprobada poderá ser revisada unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos.*

**APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

*Para o financiamento das subvencións establecidas nas presentes bases destínase a cantidade de 19.000 euros, que pode non esgotarse, establecida para tal finalidade no capítulo IV do orzamento municipal para o ano 2016*

*A distribución das cantidades farase da seguinte maneira:*

- a) *A cantidade máxima asinada aos programas comprendidos no apartado 3.a) das presentes bases será de 14.000,00 euros.*
- b) *A cantidade máxima asinada aos programas comprendidos no apartado 3.b) das presentes bases será de 2.000,00 euros.*
- c) *A cantidade máxima asinada aos programas comprendidos no apartado 3.c) das presentes bases será de 3.000,00 euros.*

#### **4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ**

**4.1.** *As solicitudes de subvención deberán formularse, debidamente cubertas en todos os seus apartados, no modelo oficial que se facilitará gratuitamente ás entidades interesadas nas oficinas do Concello, na Casa de Cultura ou poderá descargarse directamente da páxina web do Concello ([www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)).*

**4.2.** *As solicitudes virán acompañadas da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que se sinala a continuación, agás aquela que xa fora presentada e actualizada no Rexistro municipal de entidades do Concello:*

1. *Acta fundacional*
2. *Estatutos da entidade*
3. *Certificación ou documentos xustificativos do número de inscrición no Rexistro xeral de asociacións e noutros rexistros públicos*
4. *Certificación dos datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos*
5. *Certificación ou documentos xustificativos do domicilio social e copia do CIF da entidade*
6. *Presuposto e memoria de actividades do ano en curso*
7. *Certificación orixinal dos datos bancarios*
8. *Fotocopia do NIF da persoa representante da entidade*
- 4.3. *Á parte do anterior, no caso de solicitudes para obras de infraestrutura, as entidades presentarán:*
9. *Memoria estimada ou proxecto de técnico/a competente*
10. *Compromiso de obtención das licenzas e autorizacións preceptivas aos efectos do cumprimento da legalidade urbanística*

**4.4.** *En todo caso, as persoas físicas integrantes nas comisións de festas, so terán que presentar a solicitude no modelo oficial e a documentación sinalada nos apartados d), g) e h).*

**4.5.** *As asociacións ou entidades domiciliadas fóra do Concello deberán presentar ademais a documentación acreditativa dos datos comprendidos no artigo 236.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

**4.6.** *Se a documentación á que se refiren os apartados a), b), c), d) e e) xa está presentada e actualizada no Rexistro municipal de entidades do Concello, non será necesaria a súa entrega.*

**4.7.** *Se a documentación á que se refiren os apartados g) e h) xa se presentou no Concello en anos anteriores e non houbo variación nela, non será necesaria a súa entrega.*

#### **5. PRESENTACIÓN E PRAZO**

*A solicitude coa restante documentación solicitando a subvención presentárase no Rexistro xeral do Concello de San Sadurniño ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia por parte do Concello. Exceptúase desta condición ás persoas físicas integrantes das comisións de festas sinaladas no punto c) do apartado 2.1 das presentes bases, que deberán presentar a documentación con 30 días de antelación á celebración da festa que organicen, especificando a data prevista da celebración.*

*No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirírase ás entidades ou persoas interesadas para que no prazo de dez días hábiles emenden as anomalías advertidas. No caso contrario procederá ao arquivo da solicitude. As solicitudes presentadas fóra de prazo non terán dereito a participar na convocatoria.*

#### **CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS**

*As subvencións teñen carácter voluntario e eventual, isto é que non supoñen obriga ou deber, polo que non poderán ser invocadas como precedente.*

*Os criterios de valoración, que serán ponderados de maneira xustificada para o outorgamento de subvención e fixación da súa contía, así como a puntuación correspondente a cada un deles serán os seguintes:*

*Para os programas comprendidos no punto 3.a) das presentes bases: Interese xeral da actividade e a súa repercusión social: até 2 puntos*

*Contribución á normalización dos usos oral e escrito da lingua galega: até 1 punto*

- *Fomento da educación en valores de solidariedade, paz e respecto á natureza nas actuacións propostas: até 0,50 puntos*
- *Grao de innovación da proposta, sobre todo naqueles sectores culturais que poidan aparecer como deficitarios: até 0,50 puntos*
- *Contía orzamentaria:*
  - *de 500 a 2.500 euros: até 0,50 puntos*
  - *de 2.501 a 5.000 euros: até 1 punto*
  - *de 5.001 a 10.000 euros: até 1,50 puntos*
  - *de 10.001 a 15.000 euros: até 2 puntos*
  - *máis de 15.000 euros: até 3 puntos*
- *Accións de recuperación patrimonial (etnográfica, musical, tradición oral, recuperación do patrimonio material e inmaterial): até 0,50 puntos*
- *Accións dirixidas á promover a participación da xuventude na vida social: até 0,50 puntos*
- *Accións dirixidas á promover a igualdade entre mulleres e homes: até 1,5 puntos*
- *A estabilidade e solvencia demostrada pola entidade solicitante no ámbito da actuación puntual desenvolta: até 1 punto*
- *Grao de patrocinio doutras entidades públicas ou privadas: até 1 punto*
- *Avaliación doutros contidos: até 3 puntos*

5.1.1. *Os programas comprendidos no punto 3.b) das presentes bases poderán recibir unha subvención de até 1.000,00 euros.*

5.1.2. *Os programas comprendidos no punto 3.c) das presentes bases poderán recibir unha subvención de até 300,00 euros.*

## **6. SISTEMA DE REPARTO**

6.1. *Para os programas comprendidos no punto 3.a) das presentes bases a contía da subvención que se concederá a cada unha das solicitudes ficará a criterio da Comisión cualificadora, tendo en conta o establecido no apartado 4 das presentes bases e despois de aplicar a seguinte fórmula:*

$$\text{Contía} = (\text{PE} \times \text{PO}) / \text{PT}$$

*Sendo PT a puntuación total das entidades, PE a puntuación da entidade solicitante, e PO o importe da partida orzamentaria en euros.*

6.2. *Os programas comprendidos no punto 3.b) das presentes bases poderán recibir unha subvención de até 1.000,00 euros, previa xustificación dos gastos.*

6.3. *Os programas comprendidos no punto 3.c) das presentes bases poderán recibir unha subvención de até 300,00 euros, previa xustificación dos gastos.*

## **7. INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR**

7.1. *A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao técnico do Servizo de Cultura. O técnico do servizo realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.*

*As actividades de instrución comprenderán:*

- a) *Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións*
- b) *Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria*

*Unha vez avaliadas as solicitudes, a concesión de subvencións realizarase por resolución da Xunta de Goberno Local a proposta motivada da Comisión cualificadora.*

7.2. *Poderase conceder, no caso de que se considerase preciso pola incorporación ó expediente de alegacións e probas distintas das formuladas polas entidades solicitantes, un prazo de dez días hábiles para presentaren alegacións, pasado o cal formularíase a proposta de resolución definitiva.*

## **8. COMISIÓN CUALIFICADORA**

*A Comisión cualificadora estará composta polo Alcalde-Presidente ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, a Concelleira de Cultura, Deportes, Ensino e Mocidade, un concelleiro ou concelleira de cada grupo político con representación na corporación e un/unha funcionario/a ou traballador/a do Concello, con voz e sen voto, nomeado polo Alcalde-Presidente que exercerá de secretario/a da Comisión cualificadora.*

## **9. RESOLUCIÓN**

*O estudo e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase tras o estudo do bloque de solicitudes presentadas en cada programa. Unha vez que se realicen todos os trámites relacionados con cada solicitude, elaborárase proposta de resolución que, logo do informe de Intervención, será resolta pola Xunta de Goberno Local concedendo ou denegando a subvención.*

*Na resolución, no caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención.*

*De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.*

*A resolución pon fin á vía administrativa.*

## **10. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS**

*A subvención entenderase aceptada pola solicitante se dentro do prazo dun mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.*

*As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas. As beneficiarias, ademais de realizaren a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello de San Sadurniño, cos medios que estime oportunos e facilitará canta información sexa requirida polo Consello de Contas, de ser o caso. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.*

## **11. PATROCINIO**

*As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria fican comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material publicitario que editen con motivo do programa ou das actividades subvencionadas, mención expresa do patrocinio do Concello de San Sadurniño, cumprindo cos seguintes puntos:*

- a) Deberán estar sempre en lingua galega, de acordo coa lexislación e as normas vixentes*
- b) Deberán respectar rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/1983*
- c) Deberán facer uso dos elementos da imaxe corporativa municipal recollidos no anexo II do Regulamento de identidade visual corporativa, publicado no BOP nº 99, do 27 de maio de 2013*

## **12. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS**

*A concesión de subvencións será publicada, cando menos, no taboleiro de anuncios do Concello de San Sadurniño e no Boletín Oficial da Provincia.*

## **13. PRAZO E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

*Para poder percibiren as subvencións concedidas de acordo coas presentes bases, as beneficiarias presentarán a documentación xustificativa no Rexistro xeral do Concello antes do 30 de novembro, podendo ser ampliado este prazo en casos particulares, e sempre con previa petición razoada e por causas xustificadas.*

*A documentación xustificativa será a seguinte:*

- a) Instancia subscribida pola persoa representante da entidade ou particular dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de San Sadurniño, na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude*
- b) Memoria detallada que inclúa a declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo*
- c) Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral (TCs, cartas de pagamento etc). neste ámbito cómpre ter en conta o seguinte:*

*- As entidades beneficiarias da subvención quedan obrigadas a xustificar a axuda, coa cantidade resultante da suma do - importe da subvención concedida, máis o 20% do orzamento presentado na solicitude. No caso de recibiren axudas ou subvencións doutras entidades públicas ou privadas, o importe do gasto xustificativo deberá ser como mínimo a suma total das cantidades recibidas*

*- Os gastos correspondentes aos materiais ou infraestrutura necesaria para a realización das actividades, poderán ser presentados como xustificativos, sempre que o seu importe non supere o 25% do presuposto total admitido na solicitude de subvención*

*- As facturas que se presenten como xustificativos, deberán corresponder cos gastos directamente relacionados coas actividades subvencionadas*

*- Relación detallada das subvencións recibidas doutras entidades públicas ou privadas, para a realización das actividades obxecto desta subvención*

*- Exemplares de toda a documentación impresa xerada polas actividades realizadas que acredite a participación do Concello de San Sadurniño no seu financiamento*



#### **14. REQUISITOS DAS FACTURAS**

As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

A) Os establecidos para a súa expedición no RD 1496/2003, ou sexa, que datadas no período subvencionábel, e que sexan correspondentes a actividades dese período, que conteñan o DNI ou número de identificación fiscal da persoa perceptora

B) Deberá xuntar o orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para selar a primeira, que será devolta, e compulsar a segunda. O selado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión "este documento serviu para xustificar unha subvención outorgada polo Concello de San Sadurniño no procedemento de concesión de subvencións para actividades culturais do exercicio 2015".

C) No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento de persoas físicas que prestan servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagamentos ao persoal retribuído, coa súa pertinente retención, xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañada dos TCs

D) Non se considerarán en ningún caso como xustificantes de gasto válidos as facturas relacionadas coa alimentación (víveres, bebidas etc.)

#### **15. COMPROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

O técnico do Servizo de Cultura será o responsable da comprobación da xustificación da subvención, así como da realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.

No suposto de que non se presente a xustificación correspondente, procederase á minoración proporcional da subvención concedida, esixindo á entidade beneficiaria, no seu caso, o reintegro da cantidade correspondente.

#### **16. PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e ó réxime sancionador establecidos no artigo 82 da Lei xeral presupostaria.

As sancións, no seu caso, serán acordadas e impostas pola Xunta de Goberno Local.

#### **17. RECURSOS**

Contra o acto administrativo polo que se resolva o procedemento de concesión de subvencións, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 116-1 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, o que se fai público para xeral coñecemento e ós efectos legais procedentes."

A proposta de bases para as subvencións a entidades deportivas é a seguinte:

#### **"BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE E ENTIDADES DEPORTIVAS. 2016 PRIMEIRA.- FINALIDADE E OBXECTO.**

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais dirixidas ao apoio e promoción do deporte no Concello de San Sadurniño, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, non discriminación e igualdade, para a realización de actividades que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas do Concello.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local; 40.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; e 23 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro; a Lei de Subvencións de Galiza e demais normas concordantes.

#### **SEGUNDA.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.**

Poderán ser obxecto de subvención as actividades ou a promoción do deporte realizadas por entidades deportivas rexistradas con domicilio social en San Sadurniño no momento da convocatoria dentro do período natural do ano 2016 e que estean ao corrente das súas obrigas fiscais e económicas con calquera ente administrativo.

Serán subvencionables os gastos correntes de funcionamento e participación en campionatos deportivos, tales como fichas de inscrición en competicións, desprazamentos, arbitrxes, rehabilitación de lesionados, compra de material deportivo, transporte, etc.

Quedan fóra do ámbito de aplicación destas bases actividades deportivas puntuais de actuación non continua, é dicir, que se celebren nunha ou varias xornadas organizadas por entes non federados.



*Tampouco serán subvencionables os gastos derivados de adquisición de bens inventariables, tales como bens inmobles, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e en xeral, aqueles bens que teñan a consideración de inversión. Tampouco serán obxecto de subvención os gastos financeiros, notariais, rexistrals, periciais, multas, sancións e recargos administrativos ou penais, nin os tributos directos a cargo das entidades beneficiarias.*

*Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables os derivados da organización de xantares, eventos gastronómicos ou outros similares.*

#### **TERCEIRA.- ORZAMENTO.**

*Para o financiamento das subvencións establecidas nas presentes bases destínase a cantidade de 5.000 euros, que pode non esgotarse, establecida para tal finalidade no capítulo IV do orzamento municipal para o ano 2016*

*Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e á vista das que tiveran entrada no Rexistro municipal, o Concello de San Sadurniño reservarase a posibilidade de modificar a contía da anterior partida, previo oportuno expediente de modificación de crédito, en caso de que este for preciso.*

#### **CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.**

*As solicitudes formalizaranse no modelo oficial que se adxunta como anexo I, e serán asinadas pola persoa que ocupe a presidencia da entidade.*

*Ademais, achegarase a seguinte documentación relativa ás actividades que se van desenvolver:*

*b) Memoria explicativa da actividade obxecto da subvención solicitada, con especificación da denominación, da actividade, datas e lugares de realización, responsables do seu desenvolvemento, obxectivos e fins concretos a que se destinarán os fondos (anexo II)*

*c) Presuposto de Ingresos e gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto, e ao nivel de detalle que permita comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables (anexo III)*

*d) Declaración responsable por parte da Secretaría da entidade de estar desenvolvendo a actividade deportiva correspondente dentro do termo municipal de San Sadurniño, e certificación de nomeamento da persoa representante para as relacións co Concello (anexo V)*

*Así mesmo, presentarase a seguinte documentación relativa á entidade:*

*e) Certificación acreditativa dos cargos representativos e copia da acta onde figure a composición actual da Xunta directiva e fotocopia do documento de identidade da persoa representante legal para a tramitación desta subvención*

*f) Fotocopia compulsada do CIF da entidade*

*g) Documentación acreditativa de titularidade da instalación deportiva utilizada normalmente referenciada no punto 3 dos criterios de valoración.*

*h) Certificado expedido pola correspondente Federación onde a entidade realiza a actividade subvencionada, indicando na dita certificación o número de fichas de cada equipo nas correspondentes categorías nas que participa (anexo VI)*

*i) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados pola persoa interesada no que respecta ao nome ou denominación social, CIF e número de conta bancaria*

*Non será necesario achegar aquela documentación que xa estea rexistrada neste Concello.*

*Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria poderán ser ampliados polas persoas solicitantes achegando a documentación que estimen oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.*

*A documentación que deben presentar as entidades solicitantes, agás que se dispoña outra cousa, terá que ser presentada en orixinais ou fotocopias compulsadas, e estar referida sempre como límite máximo á data de expiración do prazo de presentación de instancias.*

*A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude como na documentación achegada poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda ou subvención solicitada, ou o seu reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.*

#### **QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E RESOLUCIÓN DE ERROS.**

*O prazo para presentar as solicitudes será dun MES, contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria no BOP. As instancias de solicitude, debidamente cumprimentadas, xunto coa documentación requirida, presentaranse no Rexistro xeral do Concello de San Sadurniño.*

*Concluído o prazo de presentación de solicitudes, se as mesmas non reúnen os requisitos esixidos nesta convocatoria, requirirase á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de DEZ DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte á notificación de requirimento, resolva as faltas ou acompañe os documentos perceptivos. Transcorrido o dito prazo sen que se atenda o dito requirimento, terase por desistida a solicitude de subvención.*

#### **SEXTA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Xunta de Goberno Local a proposta motivada da Comisión avaliadora, que estará composta polos seguintes membros:

1. Alcalde-Presidente do Concello ou concelleiro/a en quen delegue
2. A concelleira de Cultura, Deportes, Ensino e Mocidade ou concelleiro/a en quen delegue
3. Un concelleiro/a de cada grupo político con representación na corporación
4. Un funcionario/a ou traballador/a do Concello, con voz e sen voto, nomeado polo Alcalde, que exercerá a secretaría da Comisión avaliadora

Esta Comisión avaliadora seguirá os seguintes criterios de valoración:

1. Nº de fichas de cada modalidade deportiva para a tempada 2014-15 (Anexo V). A ponderación atribuída a este criterio (40%) distribuirase de maneira proporcional segundo o ditame da Comisión avaliadora
2. Nº de categorías por idades (anexo V). A ponderación atribuída a este criterio (20%) distribuirase de maneira proporcional en función da clasificación segundo ditame da comisión avaliadora, atendendo aos seguintes parámetros:
  - e. Cada club que inscriba equipos en 6 categorías por idades: 1,6 puntos
  - f. Cada club que inscriba equipos en 5 categorías por idades: 1,4 puntos
  - g. Cada club que inscriba equipos en 4 categorías por idades: 1,2 puntos
  - h. Cada club que inscriba equipos en 3 categorías por idades: 1 punto
  - i. Cada club que inscriba equipos en 2 categorías por idades: 0,8 puntos
  - j. Cada club que inscriba equipos nunha categoría por idades: 0,6 puntos
3. Pola titularidade das instalacións, xa sexa en propiedade ou por algún tipo de cesión de uso demostrada mediante o correspondente documento contractual, primando aquelas entidades con instalacións propias pola necesidade do seu mantemento (25%)
4. Pola implantación de medidas que converxan coa posta en marcha neste Concello do Plan de Igualdade, é dicir, pola presenza de equipos, deportistas e membros técnicos ou xerenciais de xénero feminino nos clubs, o cal se cumprimentará no anexo IV. A Comisión avaliadora outorgará maior valor á existencia de deportistas a calquera outra situación (15%).

O crédito total asignado á presente convocatoria distribuirase de maneira proporcional á puntuación que cada entidade deportiva obteña unha vez aplicados os criterios de ponderación establecidos.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e as subvencións concedidas pola Xunta de Goberno Local, a proposta da anterior, no prazo de CATRO MESES, contados a partires do día seguinte ó do remate do prazo de presentación de solicitudes. A proposta de resolución provisional publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e notificarase a cada entidade, detallándose na dita notificación a concesión de todas as entidades. Poderase conceder un prazo de DEZ DÍAS HÁBILES desde a publicación no Taboleiro da resolución provisional para presentar alegacións, pasado o cal formularase proposta de resolución definitiva.

#### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

As subvencións concedidas aboaranse tras a xustificación do investimento por parte da entidade. Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento da finalidade da subvención.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada pola entidade beneficiaria na documentación asinada.

O prazo de xustificación finalizará, en todo caso, o 30 de novembro de 2016, agás que se solicítase e concedese unha prórroga, que non excederá nunca do prazo dun mes.

A xustificación deberá presentarse no Rexistro xeral do Concello, e conterá a seguinte documentación:

1. Memoria explicativa da realización da actividade obxecto de subvención e grao de cumprimento de obxectivos, que inclúa un balance de ingresos e gastos realizados con motivo da dita actividade, de forma que se poida comprobar a concordancia co presuposto inicial presentado
2. Facturas orixinais dos gastos ou fotocopias compulsadas polo Rexistro deste Concello das mesmas. O importe dos gastos xustificadas debe ser como mínimo o da subvención concedida
3. Relación das subvencións solicitadas e concedidas ata o momento da xustificación desta subvención, doutras concedidas por outras administracións ou entes privados para o financiamento das actividades ou investimentos.

#### **OITAVA.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA.**

A entidade beneficiaria deberá cumprir as seguintes obrigas:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención

- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención
- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e achegar a información que lles sexa requirida, para o cal deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control
- Acreditar, cando se lle requira, diante do Concello a realización da actividade ou proxecto
- En todas as publicacións, anuncios, comunicacións, carteis, rótulos, páxinas web, etc., sempre que existan, deberá figurar o Concello de San Sadurniño como entidade colaboradora, e nomeadamente facer uso dos elementos da imaxe corporativa municipal recollidos no anexo II do Regulamento de identidade visual corporativa, publicado no BOP nº 99, do 27 de maio de 2013
- Cumprir todas as normas establecidas nestas bases reguladoras.

#### **NOVENA.-COMPROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A Secretaría-Intervención do Concello de San Sadurniño será a responsable da comprobación da xustificación da subvención, así como da realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.

No suposto de que non se presente xustificación polo custo total do obxecto subvencionado procederase á minoración proporcional da subvención concedida, e isto sempre que se xustifique máis do 50% da subvención concedida. De non xustificarse polo menos esa porcentaxe, anularase a concesión por entender non realizado o obxecto para o cal se solicitou subvención.

No caso do incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade de carácter prepagable ou ausencia e xustificación das mesmas nos termos descritos anteriormente, o Concello de San Sadurniño esixirá ás entidades beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes.

#### **DÉCIMA.- RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR.**

As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral Orzamentaria e no RDL 2/2004, de 5 de maio, e constituirán tamén infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003.

As infraccións cometidas sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

#### **UNDÉCIMA.- RECURSOS.**

Contra o precedente acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 116.1 da Lei 30/1992.

#### **DUODÉCIMA. VIXENCIA**

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP."

O Sr. Lourido amósase confome coas propostas, o mesmo que o Sr. Romero, aínda que non tivo acceso á documentación con tempo para a súa lectura.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

#### **SÉTIMO. APROBACIÓN DE BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A AUTOCONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS UNIFAMILIARES.**

Dase conta polo Sr. Soto da proposta de Bases reguladoras para a concesión de subvencións para os autopromotores de vivendas que se constrúan ou rehabiliten dentro do término municipal, cunha reduccion na consignación, que queda en 2.00 euros, debido á incidencia que terá sobre esta cuestión a suspensión de licencias pola aprobación inicial do PXOM. Indica tamén que se extenderán as axudas a supostos de rehabilitación integral de vivendas.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O contido da proposta é o seguinte:

*"BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA OS AUTOPROMOTORES DE VIVENDAS QUE SE CONSTRÚAN OU REHABILITEN NO TERMO MUNICIPAL DE SAN SADURNIÑO*

*Artigo 1.- Obxecto das axudas ou subvencións e réxime* As axudas ou subvencións teñen por obxecto fomentar a recuperación das vivendas tradicionais do termo municipal que non amosen actualmente condicións de habitabilidade ou estean en estado de ruína técnica ou económica, co fin de acadar o novo uso das mesmas mediante a súa rehabilitación integral, co obxectivo de que, tras a súa recuperación, estean adicadas a vivenda habitual e fixar, con iso, nova poboación no medio rural. Tamén se pretende fomentar a construción de novas vivendas nos núcleos e evitar a fuxida de poboación cara ós concellos veciños.

*O procedemento para a concesión será para todas as solicitudes que se presenten e reúnan os requisitos establecidos nestas bases.*

*Artigo 2.- Actuacións e gastos subvencionables*

2. Os gastos subvencionables serán os dos tributos municipais derivados da construción de novas vivendas unifamiliares e a rehabilitación integral de vivendas existentes que non conten na actualidade con algunha das condicións mínimas de habitabilidade, salubridade, eficiencia e aforro enerxético, accesibilidade e seguridade.

3. Tanto a construción de novas vivendas como a rehabilitación das existentes ten que acadar as condicións mínimas esixibles de habitabilidade, salubridade, eficiencia e aforro enerxético, accesibilidade e seguridade marcadas pola lexislación autonómica e estatal esixibles en cada caso concreto.

4. O importe da subvención regulada mediante as presentes bases será do 25% do importe do ICIO por cada servizo (abastecemento e saneamento) que, no momento de solicitude da licenza, o Concello non preste. A obra ten que estar rematada no prazo marcado na licenza de obras ou ben na súa prórroga se esta é solicitada en prazo válido.

*Artigo 3. Financiamento*

As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto destas bases serán co cargo á aplicación orzamentaria 7-78.

O orzamento máximo das axudas non poderá superar a consignación dispoñible na referida partida orzamentaria.

*Artigo 4. Persoas beneficiarias*

- Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas titulares das vivendas ou dun dereito real ou de aluguer que permita acometer as actuacións, en caso de rehabilitacións, ou do terreo, en caso de obra nova.

- As persoas beneficiarias deberán ter obtida a licenza municipal das obras.

*Artigo 5. Solicitudes*

b) As solicitudes para obter as axudas presentaranse por escrito no rexistro do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4. da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) As solicitudes deben ser posteriores ou coincidentes coa solicitude de licenza, facendo referencia á mesma. En todo caso non serán aboadas polo Concello en tanto non estea resolta favorablemente a licenza e xustificado o pagamento do ICIO por parte da persoa solicitante.

d) Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

5. Nome e apelidos do solicitante

6. DNI

7. Documentación acreditativa da titularidade do inmovible ou dereito real sobre el, ou contrato de aluguer, xunto coa autorización da persoa propietaria para realizar as obras

8. Declaración expresa de que o inmovible rehabilitado ou a vivenda que se vai construír é para dedicar a vivenda habitual da persoa solicitante por un mínimo de 5 anos dende o remate da obra, segundo o modelo que se facilitará ás persoas solicitantes por parte do Concello

9. Copia da notificación do outorgamento da licenza de obras ou referencia ó acordo polo que se outorgou

10. Certificación bancaria acreditativa dos datos da conta corrente na que se desexa recibir, no seu caso, o importe da subvención

k) *A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases.*

*Artigo 6. Órgano competente e tramitación das solicitudes*

- *O órgano competente para a resolución das solicitudes reguladas polas presentes bases será a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía.*
- *Se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, facéndose no requirimento mención expresa de que, de non achegar a documentación requirida terase por desistida da súa petición, logo da correspondente resolución.*
- *Cando a solicitude estea completa e achegue a documentación indicada no artigo 5.3, incorporárase ó expediente unha certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención, e posteriormente será sometida á consideración da Xunta de Goberno Local na primeira sesión que esta celebre.*
- *A Xunta de Goberno Local adoptará o correspondente acordo no que se indicará a identidade da persoa beneficiaria da subvención, o importe concedido e as características da obra que motive a súa concesión.*
- *O referido acordo notificarase en legal forma á persoa beneficiaria, tras o cal a Alcaldía ditará as instrucións necesarias para o pagamento do seu importe na conta indicada xunto coa solicitude.*
- *Contra o acto administrativo polo que se resolva o procedemento de concesión da subvención, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 116.1 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, o que se fai público para xeral coñecemento e ós efectos legais procedentes.*

*Artigo 7. Infraccións e sancións*

*As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos no artigo 82 da Lei Xeral Presupostaria.*

*As sancións, no seu caso, serán acordadas e impostas pola Xunta de Goberno Local.*

*Artigo 8. Interpretación.*

*As dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases serán resoltas pola Alcaldía ou pola Xunta de Goberno Local. Para o non previsto nas presentes bases, estarase ó disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia, e no resto da normativa aplicable con carácter xeral."*

O Sr. Lourido amósase confome coa proposta, o mesmo que o Sr. Romero.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Romero formula o rogo de que se amplíe o prazo de presentación de alegacións ó PXOM, porque o seu grupo entende que con iso se protexería mellor ós veciños, e porque comprobaron que aínda que San Sadurniño é un concello de carácter sobre todo forestal, hai moito terreo calificado como de protección agropecuaria.

O Sr. Alcalde di que se estudiará a posibilidade de aumentar ese prazo se se comproba que fai falla, mentras que en relación cos distintos tipos de protección do solo rústico, di que quen non estea conforme pode alegar contra o proxecto, aínda que é o mesmo que xa fixera o PP, e que hai zonas nas que non se pode recoller un uso forestal porque foron obxecto de concentración parcelaria. Di tamén que non se debe retrasar a tramitación do PXOM porque a nova lei que prepara a Xunta será moito máis restrictiva coas competencias dos Concellos en materia de planeamento.

O Sr. Romero di que a razón da súa solicitude é que teñen noticias de fortes multas noutros concellos por facer plantacións forestais en terreos de protección agropecuaria ou con usos non forestais, reiterándose polo Sr. Alcalde que a lei obriga a calificar como de protección agropecuaria os terreos que foran obxecto de concentración parcelaria, e propón a realización dunha xunta de portavoces para determinar as modificacións que se consideran procedentes no PXOM aprobado inicialmente.

O Sr. Romero pregunta polo resultado da información que se está facilitando ós veciños sobre o PXOM e tamén se o contido dese Plan foi supervisado previamente por alguén ademais da arquitecta municipal.

O Sr. Alcalde resposta que a redacción do Plan contratouse en 2005, gobernando o PP, e que o Plan é o mesmo que fixo ese goberno do PP, sobre o que se modificaron unicamente algúns núcleos de poboación en aplicación de cambios legislativos. Nin antes, que el saiba, nin agora se fixo nada para condicionar o traballo da empresa redactora do PXOM, e nas xuntanzas previas ningún dos asistentes formulou as dúbidas que agora se insinúan.

O Sr. Romero di que non está a facer insinuación algunha e que a súa pregunta limitábase a solicitar información sobre o proceso de información pública, dada a importancia do PXOM.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e dezanove minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,